

## **Circular informativa do Grupo de Traballo de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio (02/11/2023)**

Estimado/a profesor/a:

Como directora do grupo de traballo, traslado por medio da presente circular a información relativa ao modelo de exame de **Empresa e Deseño de Modelos de Negocio** para as convocatorias da **ABAU 2024**.

O exame para as convocatorias de 2024 **mantén as características e estrutura do modelo COVID**. A modo de exemplo, véxase o modelo de exame da materia Economía da Empresa ABAU 2022 dispoñible na páxina web da CIUG.

O exame consta de **seis preguntas** cun valor de 2,5 puntos cada unha, das que o alumno poderá responder a **un máximo de catro**.

As preguntas 1, 2 e 3 son de carácter teórico. Cada unha destas preguntas ten un valor de 2,5 puntos e consta de catro apartados dos que o alumno deberá responder **unicamente** a dous.

As preguntas 4, 5, 6 son problemas prácticos. Cada un destes problemas ten unha puntuación de 2,5 puntos.

Con este modelo de exame non será posible acadar a máxima calificación resolvendo só os casos prácticos.

Quero aproveitar a ocasión para agradecer o esforzo de adaptación realizado neste curso á nova materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.

Quedo á súa disposición para calquera consulta ou aclaración que precise.

Reciba un cordial saúdo

Directora do GT: Cruz Suárez Mallo  
Enderezo electrónico: [m.c.suarez.mallo@udc.es](mailto:m.c.suarez.mallo@udc.es)